

Expediente núm.: 267/2020

Acta de Baremación

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

ACTA VALORACIÓN 1º EXAME

Reunidos na Casa Consistorial, o 26 de febreiro de 2021, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal calificador do proceso selectivo de estabilización de Peón-Tractorista, son:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana María Ocampo Pérez Gorostiaga
Secretario	Antonio Mosquera Rodríguez
Vogal	M.ª Ermitas Sánchez González
Vogal	María Isabel Novo López
Vogal	María Teresa Alcalde Valle

Visto que na cláusula octava das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará un cuestionario tipo test de 20 preguntas sobre os contidos do temario relacionado no Anexo II das bases, procédese á elaboración de dita proba. Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe:

“PEÓN/A TRACTORISTA:

1º.- Cal de estos dereitos se recolle na Constitución como un “Dereito Fundamental”:

- a) Unha vivenda digna e adecuada
- b) O traballo
- c) Todas as opción son correctas

2º.- Según a vixente Constitución “quen ten dereito a gozar dunha vivenda digna”:

- a) Todos os españois
- b) Só os españois que cumpran determinados requisitos, que se establecerán por Lei Orgánica.
- c) Ningunha delas é correcta

3º.- Según o artigo 5º da Constitución cal e a capital do estado español:

- a) Vila de Madrid
- b) Cidade de Madrid
- c) As dúas son correctas

4º.- En que casos un ciudadano español pode ser privado da súa nacionalidade:

- a) En ningún caso
- b) En caso de alta traición
- c) Ningunha delas é correcta

5º.- O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado por Lei Orgánica de data:

- a) 1 de abril de 1990



Concello de Santiso

- b) 4 de abril de 1982
- c) 6 de abril de 1981

6º.- Os orzamentos da comunidade autónoma de Galicia son aprobados por:

- a) **O Parlamento de Galicia**
- b) O Consello da Xunta de Galicia
- c) As Cortes Xerais

7º.- O Presidente da Xunta de Galicia é elixido por:

- a) **O Parlamento de Galicia**
- b) Directamente polos cidadáns da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Polas Cortes Xerais

8º.- Que idioma é oficial en Galicia:

- a) O Galego
- b) O Castelán
- c) **As dúas son correctas**

9º.- A entidade local básica de organización territorial do Estado é:

- a) Territorio
- b) **Municipio**
- c) Poboación

10º.- Según o artigo 3.1 da Lei 7/1985, de 2 de Abril (Lei de Bases do Réxime Local), son Entidades locais territoriais:

- a) Os Municipios e a Provincia
- b) **Os Municipios a Provincia e a Illa nos arquipélagos balear e canario**
- c) A Provinciae, no seu caso, as Illas

11º.- O Alcalde é elixido por:

- a) Elección directa polos veciños
- b) O Pleno Municipal
- c) **As dúas son correctas**

12º.- Según o artigo 20.1 da Lei 7/1985, de 2 de Abril (Lei de Bases do Réxime Local) "A organización municipal responde ás seguintes regras":

- a) O Alcalde, Xunta de Goberno e Pleno existen obrigatoriamente en todos os concellos
- b) **O Alcalde, Os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos**
- c) O Alcalde, Comisión de Queixas e o Pleno Municipal existen en todos os concellos

13º.- Os conglomerantes serven para unir outros materiais. Cales son os tres tipos de conglomerantes máis común?:

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



[Handwritten scribble]

[Handwritten scribble]

[Handwritten scribble]

[Handwritten scribble]

- a) Cal, xeso e area
- b) Cal, xeso e cemento
- c) Cemento, graba e xeso

14º.- O cono de Abrams serve para medir:

- a) A cantidade de auga que leva o formigón
- b) A consistencia do formigón
- c) A resistencia do formigón

15º.- A velocidade máxima que non deberán pasar os vehículos en vías urbanas e travesías establécese:

- a) Con carácter xeral, en 50 Km por hora, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 40 km por hora
- b) En 50 Km por hora
- c) En 50 km por hora, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como mínimo a 40 km por hora

16º.- Cal é a velocidade máxima á que debe circular unha maquinaria agrícola pola vía pública:

- a) A 20 km/h, sempre utilizando unha sinal luminosa V-2
- b) A 40 km/h, e se levas remolque a velocidade é de 20 km/h, sempre utilizando una sinal luminosa V-2
- c) A 40 km/h, e se levas remolque a velocidade é de 25 km/h, sempre utilizando unha sinal luminosa V-2.

17.- Cando se esta a traballar nunha vía pública de dobre sentido con tractor e rozadora-desbrozadora-trituradora de brazo, a sinalización vertical preventiva deberá estar situada a unha distancia de :

- a) 300 metros
- b) 150 metros
- c) 500 metros

18º.- Cal é a maneira correcta de colocación de sinais móbiles de obras?:

- a) Os sinais iranse colocando no mesmo orde en que vaia a atopalas o persoal que esta nas obras, de modo que o persoal que as coloque vaia sendo protexido polos sinais precedentes
- b) Os sinais iranse colocando na orde inversa en que vaia a atopalas o usuario
- c) Os sinais iranse colocando no mesmo orde en que vaia a atopalas o usuario, de modo que o persoal que as coloque vaia sendo protexido polos sinais precedentes.

19º.- Canto tempo permanecerá a sinalización relativa ás obras na calzada.

- a) A sinalización de obra permanecerá como mínimo unha (1) hora dende o remate dos traballos.
- b) Recolleráse e trasladarase inmediatamente despois de que se interrompa o traballo.
- c) As dúas son correctas.

20º.- A sinalización temporal dunha obra na vía pública (sinal triangular de fondo amarelo cun peón debuxado) é unha sinal que nos indica:



- a) *Advertencia*
- b) *Prioridade*
- c) *Prohibición*

Reservas:

21º.- Nun concello de menos de 5.000 habitantes e obrigatorio a constitución da Xunta de Goberno

Local:

- a) *Sempre*
- b) *Non*
- c) *Só nos concellos consteiros.*

22º.- A quen corresponde o nombramento dos Tenentes de Alcalde:

- a) *O Pleno Municipal*
- b) *O Alcalde*
- c) *A Xunta de Goberno Local.*

23º.- Segundo a Lei de prevención de riscos laborais , Lei 31/1995, de 8 de novembro, entenderáse como equipo de traballo:

- a) *Calquera maquinaria, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo*
- b) *Calquera máquina, aparato ou instrumento utilizado no traballo*
- c) *As características xerais do locais, instalacións, equipos, produtos e demais útiles existentes no centro de traballo “*

Ás 11:20 os membros do tribunal diríxense ó pavillón de Ponte Arcediago, donde estaban citados os aspirantes. Procédese a identificar a todos os/as candidados/as asistentes (un total de 4 asistentes) e faise entrega para que asinen nunha “Declaración Responsable Covid-19”. Unha vez todos sentados faise entrega do examen, dando 30 minutos para a realización da proba tal e como se indican nas bases.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións:

DNI	Identidade do Aspirante	NP	Acertos	Erros	Puntuación Obtida
7*8*8*3**	DANIEL IGLESIAS MERA	X			
7*8*0*9**	DIEGO TORREIRO PEREIRO		9	11	13,50
5*1*7*5**	JOSE MANUEL VEIGA GONZALEZ		18	2	27
3*2*4*1**	MANUEL RAICES NEIRO	X			
7*7*6*0**	MANUEL SANCHEZ LEA		11	9	16,50
4*4*5*3**	MELISSA EMILIA INSUA TORRES	X			

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña), Tfno. 981818501. Fax: 981818564

3*5*0*8**	LUIS VÁZQUEZ PEREIRO		10	10	15
4*3*2*6**	MANUEL NOCHE NEIRA	X			
7*8*1*0**	SANTIAGO CASTRO MUIÑA	X			

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, ratifícase a puntuación dada.

Convócase ós aspirantes que obtiveron unha puntuación superior a 10 puntos, tal e como indica a cláusula 8ª das referidas bases de selección, para o segundo exercicio que consistirá nunha proba práctica a designar polo tribunal relacionada coas tarefas a desempeñar, para o día 2 de marzo ás 12:30 horas na Casa Consistorial do Concello de Santiso.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 13:30 horas.



